

Intervención da presidenta del Parlamento de Galicia na inauguración da exposición *A arquitectura do Parlamento de Galicia. De Facultade de Veterinaria a sede da Cámara lexislativa galega*

Parlamento de Galicia, 16 de maio de 2012, 12.00 horas

Membros da Mesa e portavoces do Parlamento de Galicia,
Deputadas e deputados,
Ex presidente do Parlamento de Galicia,
Señoras e señores:

Para quen lles fala, arquitecta de formación e de vocación, inaugurar hoxe esta exposición constitúe un momento de gran satisfacción na medida en que non só tratamos de suscitar o interese sobre o Parlamento de Galicia, senón que tamén, e sobre todo, estamos reivindicando e dando a coñecer a arquitectura deste edificio.

Desde os primeiros anos do século pasado, no que foi levantado, este edificio atravesou múltiples vicisitudes: desde as súas orixes, como Escola de Veterinaria, pasando por unha longa etapa ao servizo do Exército, e despois dun exemplar proceso de rehabilitación acabou convertido en sede do poder lexislativo autonómico.

Quero, neste sentido, recoñecer a decisión adoptada pola Mesa do Parlamento de Galicia, representada hoxe aquí polo entón presidente, Tomás Pérez Vidal, que, en 1986, convocou un concurso internacional de arquitectura na procura do mellor proxecto para a rehabilitación deste inmoble, que acababa de ser adquirido ao Exército.

Unha decisión importante e acertada e á que o tempo lle fixo xustiza, xa que supuxo o primeiro paso na procura do resultado que temos á vista.

O bo oficio de Andrés Reboredo, mestre de varias xeracións de arquitectos, entre os que me inclúo, e gañador por méritos que á vista están do concurso internacional ao que me refiro, coa colaboración de varios profesionais novos (algún e algunha dos cales nos honran hoxe coa súa presenza), permitiu articular unha proposta moi axeitada para resolver o programa que as bases esixían, e na que destaca a peza de arquitectura contemporánea inserida sobre piares no centro do patio, que acolle o hemicycle.

A proposta materializouse nunha obra sobria e ben feita, cunha linguaxe formal, sincera e sen concesións, plenamente vixente malia o tempo transcorrido.

Non foi un traballo fácil. Temos aquí presentes a profesionais que traballaron directamente na obra e saben do que estou a falar.

Os arquitectos sabemos que, ás veces, afrontar a rehabilitación dun edificio é máis complicado que realizar un novo, non só polo valor histórico da parte que se ten que conservar, senón tamén polo estado da fábrica previa, xa que poucas veces se coñece en que condicións se atopa a construción antes do inicio das obras de rehabilitación.

Tanto a primeira reforma do ano 1987 como a do ano 2001, tamén proxectada e dirixida por Andrés Reboredo, son solucións enxeñosas. O edificio gañou en funcionalidade coa intelixente solución dos patios ingleses que dan luz e ventilación natural aos despachos dos deputados e deputadas, soterrados baixo os patios axardinados do edificio.

Tamén as intervencións puntuais de Iago Seara, da que esta biblioteca é un elegante exemplo, e as de Víctor López, nos grupos parlamentarios, contribuíron a converter este edificio nun dos mellores exemplos da arquitectura institucional de Galicia.

Sen querer parecer en absoluto pretenciosa, estamos, estou segura, ante unha das mellores sedes, senón a mellor, dos parlamentos autonómicos de España.

O seguimento deste proceso é a razón de ser e o fío condutor que guía esta mostra titulada *A arquitectura*

do Parlamento de Galicia. De Facultade de Veterinaria a sede da Cámara lexislativa galega.

Quero agradecer o bo facer do autor destes paneis e desta montaxe, o arquitecto Juan Pinto Tasende, quen fai posible amosar un traballo que nos achega á historia dun edificio, pero tamén á evolución dunha arquitectura concreta durante os últimos cen anos.

E xa lles adianto que o contido da mostra terá continuidade coa publicación dun libro no que queremos deixar constancia desta evolución e que pode resultar de interese, non só para os arquitectos e os profesionais, senón tamén para todas as persoas interesadas nesta disciplina e na historia da primeira institución de Galicia.

Porque é compromiso desta presidencia dar a coñecer e poñer en valor a institución e as súas calidades, entre as que, por suposto, está a arquitectura que a alberga.

Sorprenderalles que tanto o acto inaugural de hoxe como a exposición en si teñan como escenario a biblioteca do Parlamento de Galicia. Imaxinarán que non é froito do azar.

Buscamos o ambiente recollido e entrañable deste espazo para unha mostra que merece ser visitada con detemento e sen balbordo, pero tamén para dar a coñecer esta dependencia e os volumes que alberga.

Porque se ben é certo que a biblioteca do Parlamento de Galicia está ao servizo da Cámara, quero tamén sinalar que as súas portas están abertas aos investigadores interesados nas ciencias xurídicas e nas diferentes materias que abranguen os fondos bibliográficos que integran o catálogo – que pode consultarse na nosa páxina web–, incluíndo as coleccións de Carballo Calero e dos irmáns Vilar Ponte, material recentemente catalogado.

Quero chamar a atención sobre a maqueta do pazo do Hórreo que integra esta mostra, e aproveito para felicitar o seu autor.

Con esta representación volumétrica, ademais de lles explicar o edificio e a súa arquitectura a todos os que nos visitan, buscamos achegárllelo tamén ás persoas invidentes.

Porque se algo debemos coidar desde esta institución, que é a casa de todos os galegos e as galegas, é a proximidade aos colectivos con máis dificultades, encadrando nesta sensibilidade ás persoas con diversidade funcional.

Antes de rematar, quero convidar a todos os presentes a participar na xornada de «portas abertas» do Parlamento de Galicia que celebraremos o vindeiro 26 de maio e na que terán

ocasión de coñecer polo miúdo a institución e a súa sede.

Agardo que esta exposición resulte do seu agrado.

Moitas gracias por acompañarnos neste acto.